



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO
CONSUMO E DA COMPETENCIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE
ASOCIACIÓNS UNIVERSITARIAS SÉNIOR PARA O
DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN NO
PROGRAMA CONSUMO RESPONDE

En Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, _____, director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (en diante IGCC), nomeado polo Decreto 92/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024), actuando en nome e representación do IGCC, en virtude das facultades que lle confire o artigo 13 dos Estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG nº 160 do 25 de agosto de 2016) , e o artigo 1 da Resolución de 23 de marzo de 2017 sobre delegación de competencias en diversos órganos deste instituto (DOG nº 74 do 18 de abril de 2017);

doutra, _____ da Federación Galega de Asociacións Universitarias Sénior, (en diante FEGAUS), nomeado pola Asemblea Xeral celebrada o día 15 de outubro de 2021 e rexistrada no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia con data 14 de xaneiro de 2022 actuando en nome e representación de FEGAUS, en virtude das facultades que lle confire o artigo 14 dos seus Estatutos;

teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o IGCC é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO.- Que o Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o IGCC, menciona entre as súas funcións e competencias as que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, correspóndenlle ao IGCC. Segundo o 49 da citada Lei 2/2012, a administración competente en materia de consumo elaborará plans e programas de actuación, en especial a través de novas tecnoloxías, conducentes á formación directa dirixida a todas as colectividades interesadas e, de modo especial, aos colectivos definidos como de protección especial.

Así mesmo, a Lei 2/2012 no seu artigo 50 habilita aos órganos competentes en materia de consumo para establecer a colaboración coas entidades públicas e privadas autonómicas, estatais, comunitarias e internacionais, á hora de levar a cabo os diferentes plans e programas formativos e educativos en materia de consumo.

TERCEIRO. - Que FEGAUS é unha federación sen ánimo de lucro, constituída ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que agrupa ás asociacións de alumnos e ex alumnos dos programas de maiores das tres universidades de Galicia, baixo as denominacións de: “Asociación de IV ciclo” (USC: campus de Santiago e Lugo), “Asociación Aulas de Formación Aberta” (UVIGO: campus de Vigo, Ourense e Pontevedra) e “Asociación de Universidade Sénior” (UDC: campus da Coruña e Ferrol).

CUARTO.- Que segundo o artigo 3 dos Estatutos reguladores de FEGAUS, son fins da federación, entre outros, apoiar e defender un modelo aberto e participativo de formación universitaria de maiores, que aglutine todo tipo de iniciativas públicas, tanto institucionais como populares, dentro dun concepto amplo de ensino público,

caracterizada pola ausencia de ánimo de lucro, a xestión democrática, o pluralismo ideolóxico, a apertura ao contorno social e a calidade pedagóxica.

Neste sentido, é unha finalidade de FEGAUS aparecer como interlocutor válido entre as diversas administracións, estatal, autonómica e local, así como ante as institucións universitarias en todo o referente á formación universitaria das persoas maiores.

Así mesmo recóllese como un dos fins específicos de FEGAUS establecer convenios coas administracións públicas ou con calquera tipo de institución ou organismo que contribúa á consecución dos seus fins propios.

Ademais, son obxectivos de FEGAUS achegar o coñecemento á cidadanía sénior en todo momento e lugar, combinando as metodoloxías dixitais coas tradicionais de tipo presencial, fomentando a cooperación, a colaboración, o lecer e o coñecemento colaborativo entre todos os participantes. É tamén un obxectivo fomentar a formación e a educación das persoas sénior como consumidores, para que coñezan os seus dereitos e poidan consumir de forma responsable nun mercado cada vez máis globalizado e cambiante.

QUINTO.- Que ambas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo e divulgador a través deste convenio, realizando de forma conxunta actuacións formativas sobre consumo responsable dirixidas especificamente ás persoas maiores.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio entre o IGCC e FEGAUS é a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo e divulgador en materias da competencia das institucións asinantes, actuando da forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

SEGUNDA.- Actuacións formativas

A colaboración consistirá na realización de 10 talleres sobre diferentes temáticas de consumo responsable de interese para as persoas maiores, que se impartirán nas seguintes modalidades: telepresencial (mediante a propia plataforma de teleformación de FEGAUS), presencial (nas instalacións do IGCC, así como en instalacións que propoña FEGAUS) ou/e en liña (na videoteca de FEGAUS e do IGCC).

TERCEIRA.- Obrigas do IGCC

O IGCC, en base á súa experiencia e coñecemento das distintas problemáticas que afectan as persoas consumidoras, deseñará e elaborará os contidos dos talleres, impartirá a formación nas modalidades anteriormente sinaladas e realizará calquera outra actuación que sexa considerada de interese común para ambas as partes en relación coa actividade obxecto deste convenio.

CUARTA.- Obrigas de FEGAUS

FEGAUS mediante o presente convenio comprométese ao seguinte:

1º.- A través da plataforma vinculada ao seu proxecto Ágora Canal Sénior, difundirá, retransmitirá e xestionará os 10 talleres que se impartan, mediante a realización das seguintes actuacións:



I. Desenvolvemento específico e personalizado da súa plataforma e da súa videoteca coa imaxe do IGCC.

II. Presentacións oficiais e específicas propostas.

III. Actuacións de comunicación do proxecto e a súa realización para as entidades colaboradoras de FEGAUS.

IV. Xestión das actividades telepresenciais e as súas gravacións, nos termos previstos no procedemento de actuación que se xunta a este convenio como anexo I.

V. Xestión dos talleres online con conexión de centros, nos termos previstos no procedemento de actuación que se xunta a este convenio como anexo I.

VI. Elaboración de informes de actividade para cada taller, indicando os datos reportados desde a propia plataforma: participantes totais, por modalidades, por actividades realizadas, por localización dos participantes, número de aulas de colaboradores, visualizacións das gravacións, etc.

Ademais, FEGAUS en base ao seu coñecemento das problemáticas específicas que afectan as persoas maiores, poderá propoñer a designación do relator especializado na temática para tratar, que será previamente acordado co IGCC. A designación do relator por FEGAUS non terá custo algún para o IGCC.

2º.- Desenvolvemento dun portal global de contidos, actividades e recursos, que debe converterse nun punto de referencia na aprendizaxe sobre o consumo responsable para os maiores, centros e entidades relacionadas, de Galicia.

Este portal albergará distintos tipos de recursos, recollendo as emisións en directo das actividades, as gravacións das ditas sesións, documentación para usuarios, documentacións para voluntarios, etc.

- Dominio do portal: consumosenior.es
- Programación das actividades en directo.



- Videoteca.
- Serious Games: xogos online asociados ao perfil do usuario para o fortalecemento dos coñecementos adquiridos. Novo modelo para o tratamento dos contidos formativos, de forma que aprender e reforzar os coñecementos sexa, para o usuario, un intre de lecer e entretemento.
- Sección para centros colaboradores: sección específica para entidades e centros de apoio ao proxecto para que lles sirva de axuda na realización de actividades específicas locais relacionadas co Consumo.
- APP móbil: o desenvolvemento do portal disporá da súa correspondente APP para Android e IOS, ao ser un dos medios máis utilizados polos maiores.

3º.- Creación dunha rede de centros colaboradores.

4º.- Formación para unha rede de voluntarios dos centros colaboradores.

Realizarase un plan de formación para as persoas responsables dos centros colaboradores para que saiban realizar as conexións ás actividades nas aulas e sexan os encargados de utilizar os recursos de comunicación para fomentar a participación dos seus asociados. Este plan desenvolverase a través da plataforma de FEGAUS e constará dunha sesión de 1 hora de formación. Gravarase a dita sesión para as incorporacións futuras.

5º.- Plans de comunicación: deseño e execución dun plan de comunicación integral que permita chegar a todos os puntos da comunidade galega.

Realizarase unha presentación oficial para as Asociacións de Consumidores, así como para as Asociacións Universitarias de FEGAUS, como das entidades colaboradoras.

QUINTA.- Condicións económicas

O IGCC achegará a FEGAUS a cantidade total de 14.400 € con cargo á aplicación orzamentaria 09 80 613A 640.0 que figura dotada no orzamento de gastos do IGCC para 2024. A dita cantidade supón a achega máxima do IGCC aos gastos da actividade. No anexo II deste convenio establécese unha previsión dos gastos das actividades obxecto do convenio.

Faise constar que esta achega do IGCC supón unha compensación dos gastos reais nos que incorra FEGAUS con motivo deste convenio e supón o 80% dos gastos reais do mesmo, sendo por conta de FEGAUS 20% restante.

SEXTA.- Forma de libramento e xustificación das actuacións

O IGCC abonará esta cantidade a FEGAUS fraccionada en dous pagos, en función das actuacións realizadas e previa xustificación dos gastos en que incorrese FEGAUS para a súa realización, atendendo ás dúas fases nas que se executará o proxecto, de acordo coa desagregación efectuada no anexo II deste convenio:

Fase 1. Unha vez realizados os 4 primeiros talleres realizarase un primeiro pago por importe de 8.100 €. A dita cantidade inclúe os gastos operativos, ou gastos a realizar por FEGAUS para a posta en marcha do proxecto - os gastos de adaptación da plataforma, de deseño, elaboración e personalización de mensaxes e carteis promocionais e os gastos de promoción entre as entidades colaboradoras e as campañas en medios de comunicación e en redes sociais-.

Fase 2. Unha vez finalizado o proxecto realizarase un segundo pago, por importe de 6.300 €, que inclúen os gastos de execución dos 6 talleres restantes. Este pago farase efectivo antes do 30 de novembro de 2024 e dependendo dos prazos establecidos na orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se regulan as operacións de peche do exercicio.

O IGCC abonará a FEGAUS as cantidades indicadas na conta corrente núm.

FEGAUS deberá xustificar en cada fase do proxecto a realización das actividades obxecto do convenio mediante a presentación da seguinte documentación:

- Unha memoria-informe na que se indiquen as actuacións comprometidas e efectivamente realizadas.
- Unha nota ou xustificante de cargo, pola contía que recibe do IGCC, na que figure o NIF das dúas entidades e o concepto.

- Unha memoria económica na que se relacionen os gastos que se imputan á xustificación.

As ditas actividades deberán xustificar o 100% dos gastos reais da actividade conxunta.

Unha vez recibida a dita documentación xustificativa, o IGCC procederá ao pago do 80% dos gastos que xustifique FEGAUS, cun máximo para o IGCC de 14.400 €, previa certificación de conformidade do IGCC en relación co cumprimento do convenio.

Para a xustificación do convenio poderán terse en conta xustificantes de gastos devindicados correspondentes ao período de vixencia do convenio que á data de xustificación do mesmo aínda non fosen efectivamente pagos, a condición de que se refiran aos gastos de cotas patronais e obreiras da Seguridade Social e os relacionados con obrigacións tributarias concernentes ao IRPF.

No caso de detectarse deficiencias na execución do convenio, levará a cabo unha redución proporcional na achega feita polo IGCC, fundamentalmente cando se trate de incumprimentos inxustificables por parte de FEGAUS.

SÉTIMA.- Coordinación das actuacións

As actividades de FEGAUS realizaranse baixo a coordinación de _____, como director da secretaría técnica desta entidade, e polos correspondentes representantes do IGCC.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Para a valoración global do grao de cumprimento do convenio créase unha comisión paritaria de seguimento, formada por dous representantes de cada entidade, sendo presidida por un dos representantes do IGCC.

A comisión deberá reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e sempre que o solicite unha das dúas partes.

Esta comisión será competente para resolver os problemas que poidan suscitarse en canto á interpretación e cumprimento do convenio.

NOVENA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que realicen as actividades obxecto deste convenio e o IGCC.

DÉCIMA.- Natureza xurídica

De acordo co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, non lle será de aplicación ao presente convenio a lexislación sobre contratación das administracións públicas, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución das dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Réxime xurídico

O presente convenio rexerase polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, así como polas disposicións que se recollen na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire á publicidade deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución e modificación do convenio

Son causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.

- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Os efectos da resolución do convenio serán os establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En virtude da normativa vixente na Comunidade Autónoma de Galicia, este convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Estas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO TERCEIRA.- Resolución de conflitos

As cuestións litixiosas xurridas como consecuencia da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio, serán resoltas en primeira instancia pola comisión de seguimento establecida na cláusula oitava.

Os eventuais conflitos e controversias que poidan xurdir entre as partes e que non poidan ser resoltas na comisión de seguimento, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio son titularidade conxunta do IGCC e de FEGAUS.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder á edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera

outro medio, formato ou soporte, do resultado e do materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

DÉCIMO QUINTA.- Publicación de datos

FEGAUS consente expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros e portal antes citados ante a Dirección Xeral do Comercio e do Consumo, sito na Avenida Gonzalo Torrente Ballester, nº1-5, 15707, Santiago de Compostela.

DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos de carácter persoal

Calquera transmisión de información quedará supeditada ao cumprimento das normas sobre confidencialidade e protección de datos, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e demais normativa concordante que sexa de aplicación.

DÉCIMO SÉTIMA.- Vixencia

O período de vixencia do presente convenio comezará o día da súa firma e estenderase ata o 1 de novembro de 2024 .Todo isto sen prexuízo da posibilidade, en calquera momento antes da finalización do prazo previsto, de que os asinantes do convenio acorden unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as súas estipulacións, e como



INSTITUTO GALEGO
DO CONSUMO E
DA COMPETENCIA



proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, en lugar e data arriba indicados

O DIRECTOR DO INSTITUTO
GALEGO DO CONSUMO E DA
COMPETENCIA

O PRESIDENTE DE FEGAUS

ANEXO I

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN DO IGCC E DE FEGAUS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN NO PROGRAMA CONSUMO RESPONDE

As actuacións do IGCC para a realización das actividades de formación no programa denominado Consumo Responde, que se desenvolverá a través da plataforma Ágora Canle Sénior en colaboración con FEGAUS, rexeranse polo presente procedemento:

1. Deseñará os contidos dos talleres, desenvolvendo as temáticas de consumo responsable que serán obxecto de estudo, con especial referencia a aquelas cuestións que resulten de interese para as persoas maiores, e elaborará a correspondente presentación audiovisual que acompañará cada presentación oral.
2. Impartirá os talleres, que terán unha duración aproximada de 1 hora e 30 minutos cada un deles. Ao final dos mesmos, resolverá as dúbidas que os participantes poidan ter en relación coas temáticas de consumo responsable obxecto de estudo.
3. Colaborará con FEGAUS en todas as actuacións que sexan necesarias para a correcta utilización da súa plataforma Ágora Canle Sénior.

As actuacións de FEGAUS en relación á difusión, retransmisión e xestión dos talleres que se impartan no marco do presente convenio rexeranse polo presente procedemento:

1. Tarefas a realizar nas actividades tele-presenciais online:
 - Crear un área temática propia para a materia de consumo responsable.
 - Adaptar a imaxe gráfica do taller.
 - Elaborar e programar os comunicados informativos para a captación de usuarios desde a plataforma de base de datos de FEGAUS.
 - Dar de alta o taller en Ágora Canal Sénior e na plataforma tele-presencial e vincular ambos servizos.



- Elaborar mensaxes para a difusión do taller online en redes sociais e web.
- Realizar o seguimento de inscricións e matriculación de usuarios.
- Entrevistar ao poñente a través da plataforma tele-presencial para:
 - Expoñer as características do perfil dos usuarios ao que está dirixido o taller online para unha correcta adecuación dos contidos.
 - Revisar a proposta inicial de presentación e o índice de contidos.
 - Familiarizar ao poñente co uso da plataforma e todas as súas funcionalidades para facer a presentación o máis dinámica posible.
- Realización dunha proba co poñente, na que se efectúa unha simulación do taller previsto, así como a gravación dun tráiler ou resumo dos contidos que se van a impartir no taller.
- Preparación da presentación a utilizar, personalizando a imaxe e o texto do taller online, incluíndo información dos próximos talleres que se realizarán.
- Un día antes da data prevista para o taller, dar de alta na plataforma o cuestionario de avaliación consensuado entre as dúas entidades, as sondaxes e calquera outro elemento que o poñente considere necesario utilizar na súa presentación (vídeo, material de apoio, etc).
- O día do taller, contactar co poñente 45 minutos antes para verificar a conexión e ultimar os detalles da súa presentación.
- Presentación e xestión do taller online.
- Unha vez finalizado o taller online:
 - Descarga do informe de asistencia e elaboración do arquivo CSV para o cálculo de cualificacións segundo asistencia e a súa correspondente carga na plataforma.
 - Descarga da gravación do taller e a súa correspondente edición incorporando cabeceiras, feches e logos.
 - Incorporación á plataforma da presentación empregada polo poñente e de calquera outra información de valor engadido se a houbera.
 - Xestión das dúbidas e comentarios que poidan realizar os alumnos na plataforma.



- Envío de mensaxes de seguimento aos alumnos para que cumprimenten os cuestionarios de avaliación e satisfacción.

- Peche do curso en Ágora Canal Sénior e xestión das incidencias se as houbera.
- Xestión da información (control de calidade) para a elaboración dos informes de seguimento de cada taller.

2. Tarefas a realizar nos talleres online con conexión de centros:

- Creación do formulario de inscrición para as entidades participantes.
- Creación dos carteis informativos que serán empregados polos centros para a difusión da convocatoria do taller entre o público destinatario.
- Elaboración da mensaxe informativa que se enviará ás posibles entidades participantes, incluíndo o enlace ao formulario ou páxina web de inscrición.
- Rexistro dos centros participantes na plataforma de Ágora Canal Sénior.
- Envío de información sobre o uso da plataforma e procedemento a seguir, así como da data ou datas para a realización de probas de conexión.
- Realización dunha ou dúas probas de conexión coas entidades participantes para a explicación do taller, así como do procedemento que se seguirá para impartilo. As probas de conexión consisten en efectuar unha comprobación do son e da calidade da conexión con cada centro participante. A súa duración aproximada é de 60 minutos, aínda que, en función do número de centros participantes, pode chegar a 90 minutos.
- Informe de asistencia á proba de conexión e observacións sobre problemas que puideran xurdir durante a súa realización.
- Apertura da sesión con 1 hora de antelación para que os centros poidan conectarse e facer probas de última hora.
- Recompilación de datos sobre o número de centros conectados e de participantes presenciais en cada un deles.
- Elaboración dun formulario de satisfacción específico para os centros asistentes e recompilación de comentarios e áreas de interese para novos ciclos formativos.
- Elaboración dun informe cos datos de asistencia e satisfacción específico para os centros conectados.



3. Datas e temáticas de realización dos talleres:

DATA	TEMÁTICA
13/05/2024	Produtos defectuosos: responsabilidades do vendedor e do fabricante
20/05/2024	Descontos nas miñas tarifas: ¿realidade ou triquiñuela?
22/05/2024	Consellos prácticos para reducir a túa factura da electricidade
23/05/2024	Declaración da renta: as mellores aplicacións para un un maior aforro
27/05/2024	Consumo intelixente: claves da comercialización de produtos básicos
03/06/2024	Os teus dereitos como consumidor á hora de viaxar: Problemas comúns e solucións
06/06/2024	Reclamacións e devolucións: coñece os teus dereitos como consumidor
10/06/2024	Garantías e dereitos de postventa nos teus electrodomésticos
17/06/2024	Publicidade enganosa: identifica e combate as prácticas desleais máis comúns
24/06/2024	Que son e como funcionan as asociacións de consumidores

ANEXO II

MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS UNIVERSITARIAS SÉNIOR PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN NO PROGRAMA CONSUMO RESPONDE

O presente convenio ten por obxecto a colaboración e o desenvolvemento de actividades de carácter formativo e divulgador en materias da competencia das institucións asinantes, realizando de forma conxunta actuacións formativas sobre consumo responsable dirixidas especificamente ás persoas maiores.

O IGCC achegará a FEGAUS a cantidade total de 14.400€ con cargo á aplicación orzamentaria 09 80 613A 640.0 que figura dotada no orzamento de gastos do IGCC para 2024. A dita cantidade supón a achega máxima do IGCC aos gastos da actividade.

Faise constar que esta achega do IGCC supón unha compensación dos gastos reais nos que incorra FEGAUS con motivo deste convenio e supón o 80% dos gastos reais do mesmo, sendo por conta de FEGAUS 20% restante.

Neste anexo II establécese unha previsión dos gastos aos que dará lugar a realización das actividades obxecto do convenio, atendendo ás dúas fases nas que se executará o proxecto e diferenciando entre gastos operativos, ou gastos derivados da posta en marcha do proxecto, e gastos de execución, gastos derivados da execución dos talleres:



Gastos OPERATIVOS: Gastos a soportar para a posta en marcha do proxecto.
Gastos EXECUCIÓN: Gastos a soportar na execución das actividades.

RELACION DE GASTOS OPERATIVOS (CUSTOS PREVIOS NECESARIOS ANTES DA EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES)		PERSONAL	SERVIZOS	SUBMINISTROS	TOTAIS
Operativo	Gastos de desenvolvemento da plataforma (Contratación empresa experta)		1.500		
Operativo	Gastos desenvolvemento APP Móbil (Contratación empresa experta)		1.250		
Operativo	Gastos Videoteca publicación contidos gravados anteriores (Contratación empresa experta)		550		
Operativo	Gastos desenvolvemento vídeo presentación (Personal arrendamento servizos)	100			
Operativo	Gastos desenvolvemento módulo Serious Games (Contratación empresa experta)		500		
Operativo	Gastos de relación e promoción entre as entidades asociadas e Plan de comunicación (Material Audiovisual)			525	
Operativo	Gastos Formación Voluntariado (Personal A. S)	450			
TOTAIS GASTOS OPERATIVOS		550	3.800	525	4.875
GASTOS EXECUCIÓN (10 ACTIVIDADES)					
Execución	Gastos de Xestión da Plataforma: Inscripcións, programación Personal arrendamento de servizos	7.050			
Execución	Gastos de edición, maquetación das gravacións. Subida á videoteca e o seu aloxamento				
	- Contratación empresa experta		4.850		
	- Material audiovisual: fotos e logos			181	
Execución	Gastos de xestión da información. Realización de informes				
	- Material funxible			44	
	- Personal arrendamento servizos	1.000			
TOTAL GASTOS EXECUCIÓN		8.050	4.850	225	13.125



CALENDARIO ACTUACIÓNS FORMATIVAS A DESENVOLVER			PARTICIPACIÓN NO GASTO		
FASE 1					
DATA	ACTIVIDADE	TEMÁTICA	IGCC	FEGAUS	TOTAL
13/05/2024 (12:00 A 13:00)	Nº 1	Produtos defectuosos: responsabilidades do vendedor e do fabricante	1.050,00€	262,50€	1.312,50€
20/05/2024 (10:30 A 11:30)	Nº 2	Descontos nas miñas tarlfas: ¿realidade ou triquiñuela?	1.050,00€	262,50€	1.312,50€
22/05/2024 (10:30 A 11:30)	Nº 3	Consellos prácticos para reducir a túa factura da electricidade	1.050,00€	262,50€	1.312,50€
23/05/2024 (10:30 A 11:30)	Nº 4	Declaración da renda: as mellores aplicacións para un maior aforro	1.050,00€	262,50€	1.312,50€
FASE 2					
27/05/2024 (12:00 A 13:00)	Nº 5	Consumo intelixente: claves da comercialización de produtos básicos	1.050,00€	262,50€	1.312,50€
03/06/2024 (12:00 A 13:00)	Nº 6	Os teus dereitos como consumidor á hora de viaxar: Problemas comúns e solucións	1.050,00€	262,50€	1.312,50€
06/06/2024 (12:00 A 13:00)	Nº 7	Reclamacións e devolucións: coñece os teus dereitos como consumidor	1.050,00€	262,50€	1.312,50€
10/06/2024 (12:00 A 13:00)	Nº 8	Garantías e dereitos de postventa nos teus electrodomésticos	1.050,00€	262,50€	1.312,50€
17/06/2024 (12:00 A 13:00)	Nº 9	Publicidade enganosa: identifica e combate as prácticas desleais máis comúns	1.050,00€	262,50€	1.312,50€



24/06/2024 (12:00 A 13:00)	Nº 10	Que son e como funcionan as asociacións de consumidores	1.050,00€	262,50€	1.312,50€
-------------------------------	-------	---	-----------	---------	-----------

RESUMO GASTOS PROXECTO	PERSOAL	SERVIZOS	SUBMINISTROS	TOTAIS
Operativo: TOTAL Gastos Operativos para a posta en marcha do proxecto. Fase 1	550	3.800	525	4.875
Execución: TOTAL Gastos soportados en 10 actividades. Fase 1 e 2	8.050	4.850	225	13.125
	8.600	8.650	750	18.000
Custo unitario de cada actividade. =Custos totais de execución / Nºactividades				1.312,50
Custos totais do proxecto/nºactividades				1.800,00

			80% IGCC	20% FEGAUS	
FASE 1:	Gastos operativos	4.875	3.900	975	
	Actividades Nº 1, 2, 3 e 4	5.250	4.200	1.050	
	TOTAL FASE 1:		10.125	8.100	2.025
FASE 2:	Actividades Nº: 5, 6, 7,8, 9 e 10	7.875	6.300	1.575	
	TOTAL FASE 2:		7.875	6.300	1.575
	TOTAL PROXECTO		18.000	14.400	3.600